


7 de abril de 2010. O fiscal de medio ambiente do TSXG ven de apresentar **denuncia penal** contra José Manuel Álvarez-Campana Gallo, actual presidente de Portos de Galiza, que en 2005 como D. X. de Calidade e Avaliación Ambiental asinou a DIA (Declaración de Impacto Ambiental) da
piscifatoría de Acuinor
, en Rinlo (Ribadeo). Na súa denuncia, a fiscalía impútalle senllos
delictos de prevaricación ambiental e urbanística
, por autorizar a instalación na Rede Natura atendendo a
"intereses económicos alleos"
. Trátase da primeira intervención xudicial pola vía penal para depurar responsabilidades dos altos cargos do último goberno Fraga, logo de que o TSXG a denuncia de ADEGA,
anulara a autorización e a DIA
desta piscifatoría nas Catedrais. Aviso a navegantes: asinar declaracións de impacto fraudulentas non vai saír de balde!

Esta actuación da Fiscalía abre agora a **vía penal** nun longo proceso xudicial iniciado trala denuncia de ADEGA contra as actuacións da Xunta e ACUINOR no caso da piscifatoría de Rinlo (LIC As Catedrais). Até hoxe, os tribunais viñeron dando sistemáticamente a razón a ADEGA: primeiro,
absolvendo aos nosos activistas dunha denuncia penal
por coaccións tras paralizar as obras ilegais da piscifatoría; a continuación,
acordando unha decisiva
-pois do contrario quedaría desvirtuada a anulación do DIA-
paralización cautelar das obras
;


DEFENDER A NOSA TERRA
NON É DELICTO!
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
www.adega.i

[illegible] do TSXG